

**Palabras do Alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, no acto de nomeamento de Fillo Adoptivo a Xosé Chao Rego
Sábado, 16 de decembro de 2005**

Señoras e señores:

O feito de reunírmonos hoxe aquí para nomear fillo adoptivo de Santiago de Compostela a Xosé Chao Rego fai que nos sintamos enormemente orgullosos. Máis aló da merecida e humilde homenaxe que os veciños de Compostela e, no seu nome, o Concello de Santiago, con este acto institucional, o que pretendemos é deixar constancia do noso afecto sincero a un home exemplar, un dos grandes pensadores e ensaístas da cultura galega, que fixo da liberdade a súa bandeira. O seu esforzo en prol da lingua e da cultura da nosa terra foi recoñecido en Compostela cunha rúa que leva o seu nome, no mesmo pleno onde acordamos designalo Fillo Adoptivo da cidade.

Este acto supón, xa que logo, un obrigado recoñecemento á figura de Xosé Chao, Pepe Chao, teólogo, filósofo, mestre, ensaísta, queremos que sexa unha forma de contribuír, desde a tolerancia e o respecto, á construción dunha sociedade máis xusta, máis aberta e máis dialogante. Falo de xustiza, de liberdade e de tolerancia precisamente, porque Xosé Chao, reúne na súa persoa todas estas características. Porque é, máis que ningunha cousa, e como demostrou ao longo dos anos, un home comprometido. Comprometido cos desfavorecidos, pero tamén comprometido coa terra e coa lingua, fiel aos seus ideais, transgresor e construtor a un tempo.

Durante o tempo que exerceu como párroco, Xosé Chao realizou un labor pastoral que moitos dos seus fieis e compañeiros lembran aínda hoxe gratamente. Naqueles primeiros anos sesenta converteu a parroquia ferrolá de Santa María de Villar nunha parroquia modelo pastoralmente, única en Galicia, nun referente para os cristiáns de todo o estado, conseguindo achegar a Igrexa ao pobo.

A mediados dos anos sesenta comezou a escribir en publicacións como Irimia e Encrucillada, sen limitarse á temática eclesial, senón reflexionando tamén sobre aspectos relacionados coas crenzas populares. A súa perspectiva progresista, sempre ao abeiro da fe, fíxolle gañarse o respecto de crentes e non crentes por igual. É por todos coñecida a súa loita, desgraciadamente aínda actual, contra a marxinação que na Igrexa se exerceu contra a muller ou o colectivo homosexual, enfrontándose á moral máis dogmática e denunciando a dobre moral.

No Instituto Rosalía de Castro da nosa cidade exerceu a docencia, inculcándolles aos alumnos que pasaron polas súas aulas o amor pola nosa lingua, transmitindo dun xeito exemplar do que moitos ex alumnos teñen falado o seu sentimento galeguista por riba de siglas e ideoloxías.

É na capital galega onde os seus ensaios sobre teoloxía, historia, socioloxía ou feminismo pasan a ser coñecidos polo gran público, converténdose xa nun dos máis importantes intelectuais do país, de quen Manuel Rivas dixo que se trata “escritor relixioso ao que len todos os ateos de Galicia”.

Din que é a persoa que máis leva escrito en galego en toda a historia de Galicia. Hoxe segue a investigar, a escribir e a colaborar coa súa columna semanal no xornal La Voz de Galicia, onde o lemos desde hai xa trinta e cinco anos.

O pasado ano a Asociación Cultural O Galo de Santiago organizaba unhas xornadas co obxectivo de axuntar as numerosas pezas que conforman a súa biografía, facendo un percorrido pola súa vasta obra, onde a súa erudición e a súa amplitude de coñecementos se pon de manifesto, abarcando as máis variadas disciplinas: a historia, a socioloxía, a antropoloxía, a economía e a lingua.

Como composteláns e como galegos, debémoslle a Xosé Chao o seu empeño por afondar, sempre coa súa ollada transgresora e sen perder a vontade de difusión, na historia de Galicia, nas raíces do cristianismo e en figuras históricas senlleiras como a do bispo Prisciliano.

O tema xacobeo, o Camiño de Santiago, os estudos teolóxicos sobre o Ano Santo e, en xeral, a historia da igrexa en Galicia no contexto do cristianismo mundial, son algúns dos temas que analizou e tratou con paixón ao longo da súa vida.

Xosé Chao renaceu galego un día, e moitos galegos renaceron, renacemos, canda a el. O noso desexo é que hoxe renaza compostelán, fillo adoptivo de Santiago, connosco. Desde a Praza do Obradoiro, corazón e núcleo do Camiño, a cidade de Santiago de Compostela quere entregarche a súa gratitude e afecto.

Moitas grazas.